

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Carlos Gómez Salgado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **(10/PNC-004114) (51439)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Federación Galega de Municipios e Provincias en relación co uso de herbicidas derivados do glisofato

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Avaliar alternativas que permitan reducir progresivamente o uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da súa rede viaria, tanto cando as realice con medios propios coma cando sexa mediante contrato de servizos ou concesión, para que no caso de que sexa viable se restrinja a súa utilización a aquelas zonas onde sexa necesario para garantir a visibilidade da estrada e, polo tanto, de acordo a criterios de seguridade viaria.
- Instar ao Goberno do Estado a que avalíe alternativas que permitan reducir progresivamente o uso de herbicidas derivados do glifosato no tratamento das cunetas da súa rede viaria en Galicia, tanto cando as realice con medios propios como cando sexa mediante contrato de servizos ou concesión, para que no caso de que sexa viable se restrinja a súa utilización a aquelas zonas onde sexa necesario para





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 17:49:50
Nº Rexistro: 52236
Data envío: 03/07/2019 17:49:50.909**

garantir a visibilidade da estrada e, polo tanto, de acordo a criterios de seguridade viaria.

- Dirixirse á FEGAMP para solicitarlle que os concellos e deputacións provinciais galegas avalíen alternativas para reducir progresivamente o uso de herbicidas derivados de glifosato nos seus tratamentos para a erradicación de herbas e arbustos para que no caso de que se sexa viable se restrinxa a súa utilización a aquelas zonas onde sexa estritamente imprescindible e necesario”

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/07/2019 17:26:29

Carlos Gómez Salgado na data 03/07/2019 17:27:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO0X8UwUe3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Patricia Otero Rodríguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a realización de xestións por parte do Goberno galego diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en relación coa necesidade de protexer o sector produtor alimentario mediante a modificación da Lei da cadea alimentaria (10/PNC-003570, doc. núm. 44499).

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Demandar do Consello Económico e Social de Galicia a realización dun informe sobre as consecuencias do Real decreto lei 20/2018, do 7 de decembro, de medidas urxentes para o impulso da competitividade económica no sector da industria e do comercio en España, sobre a venda a perdas na Lei da cadea alimentaria.
2. En función do informe, trasladarlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as modificacións propostas.”

Pazo do Parlamento, 03 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Deputada do G.P dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:07:52
Nº Rexistro: 52238
Data envío: 03/07/2019 18:07:52.459

Patricia Otero Rodríguez na data 03/07/2019 17:23:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/07/2019 17:24:13

CSV: REXISTROYqdsdXEV3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

